


A Voz das Dunas


Nº 1 - Maio de 1.994 - Equipo de Normalización
Lingüística do C. P. de Oliveira

17 de maio - Día das Letras

Gallegas




1.994 Luis Seoane



"Nacín, fillo de emigrantes, en Buenos Aires, no ano 1.910. Fun á escola na Coruña. Fíxenme licenciado en Dereito en Santiago. Fun abogado até 1.937. Son pintor".

Luis Seoane



Luis Seoane López.

Luis Seoane López naceu no seo dunha familia emigrante en Bos Aires no ano 1.910.

De moi neno voltou a Galicia e instalouse na cidade de A Coruña onde fixo os seus primeiros estudos, pero a causa do seu traslado a Santiago, fixo alí o bacharelato e os seus estudos universitarios de dereito. Alí tamén iniciou a súa formación artística.

En 1.936 emigrou á Arxentina onde desenrolou a súa actividade artística. Traballou en periódicos como "Crítica" e "El Diario", e dirixiu durante vinte anos a revista "Galicia" e converteuna nunha publicación do máximo interese cultural. Ademais de ilustrar revistas, tamén debuxaba curiosas adicatorias para os seus amigos en panos de mesa de bares e restaurantes.

Ilustrou numerosos e importantes libros como poden ser "Eiroa", "Poemas do si e do non", "Cantiga nova que se chama Riveira"...

Participou na creación do laboratorio de "formas de Galicia", e na restauración de Sargadelos.

Empeza a escribir poesía no ano 52 e remata no 72 cos libros "Fardel de eisiliado" e "A maior abundamento".

A súa morte aconteceu en A Coruña no ano 1.979, morrendo así un dos importantes artistas de Galicia.

"O arco da vella"

Había unha vez o arco da vella.

Tiña cores moi fermosas, e debaixo había unha nena que quería chegar ata el.

A nena estaba soñando.

Estefanía 1º

1º Premio
"Día das Letras Galegas"



Historia da culebra

Era a culebra máis poderosa de todas as culebras do mundo. Un día apareceu o león, é que era o rei dos leóns, pero o que para é a culebra figurábase a máis poderosa do mundo.

Un día encontráronse na selva e dixo o león:


Mira, faremos dez obstáculos, pasa-lo barro, subir os árbores... As outras probas ca as verás.

O día seguinte, o león díxolle:

-gañinche, así que o rei sou eu e teraste que marchar da selva.

O león quedou contento.

1º Premio Día das Letras Galegas
1994.



Gustavo Barral Prego, 2º Primaria.

AS FLORES DAS DUNAS

Un bo día cando ía para As Dunas decatéime de que aló lonxe había unhas cousas de fermosas cores que me chamaron moito a atención. Cando me acerquei compréi que eran unhas flores de moitas cores.

Ía coller unha para darlla á miña nai cando se me acercou unha bolboreta que me dixo:

-¿Para que queres esas flores?.


-Para levarllas á miña nai.

-E díxome: - Mellor que as deixes porque se as levas á casa duraranche un día e se non as levas vivirán toda a primavera. E pensei:


-É verdade o que me dixo a bolboreta, se as levo non me durarán nada e se as deixo vivirán toda a primavera, e así poderán facer

-las abellas mel para nós.

FIN ³



O mar



O mar está salgado,
está cheo de ledicia.
O mar chamose Pepe,
cando está enfadado
non hai quen no pare.

O mar está carro
de tanto bruar.

Tem peixes e mariscos:
sardiñas, boleas, ~~avroas~~,
centolo e ~~berberechos~~.




¡Panta riqueza nos dá o mar!

1º Premio.

"Dia das Letras Galegas"

Roberto Canibe Argibay

4º



O Amar entre duas Astros

Aquela tarde de maio
pela minha mente passou um raio,
crucei a vista pro leste
e vim como se agachada o mestre.

O pai da Luz
o rei do este.



Só um momento para estar coa náua
a madriña.

A Madriña das estrelas
madriña do negro amanhecer,
sem ter cerca o seu q verer.

Para ero esta' o Luzes e Luzes
para todas xuntas.

Amque só e um momento
ata nã o vento
e si te lixas airas varios rissos.

Irabel



FRAN

5º

AS NOSAS LETRAS


Neste día tan feliz
os meus ollos de alegría choran
porque as nosas queridas letras
queren saír para fora.

Falemo-lo galego
e saquémolas ó sol
porque as letras húmidas
enrosquanse coma o caracol.

Cada día que pasa
ás letras faltalle vida
porque se non falamos galego
Galicia está perdida.

Non nos rendiremos
falaremo-lo quiramos ou non
porque se usamo-la nosa lingua
será moito mellor.

Aquí acaba a poesía
das nosas letras galegas
es de dentro máis contentos
es de fora cheos de penas.



M^a del Mar Pego Santos 6^o D

HISTORIA DE LETRAS

Alba, unha rapaza que intentaba escribir un conto, non era capaz, non porque non tivese ideas, senón porque cando escribía unha frase miraba para ela, e despois duns minutos, tódalas palabras e letras estaban fóra do lugar. Isto facía que Alba perdese o control e estivese centos de veces a punto de racha-lo papel. Pero non o facía. Ata que se alterou demais e ía a rachalo, cando oíu chinar diminutas voces que lle decían que parase quieta, e que non rompese o papel.

Ela, ó principio, non fixo caso das voces e rachouno un pouco, pero tam forte foi o chillido das letras, que eran as que berraban, que se sentou e puxo o oído na folia de papel e dixo:

-¿Quem chía? ¿Que pasa aí?-

Oíu falar a un A que según decían as letras, era a moderadora dun debate. Díxolle:

-¿Que che pasa a ti? ¿Non ves que este é un debate e ninguén fai caso ó moderador que son eu?-

A Alba non saía da sorpresa, tiña os ollos coma pratos e andaba beliscándose para saber se iso fora un pesadelo, e saír del.

Unha E dixo:

-Moderador, moderador esperte que ándanse a matar o B e o C, veña corra. Ó oír o que lle dixera o E, o A botou a correr coma un tolo, recibiu do B un punetazo e por se fora pouco un croque na cabeza do C. Volveu onda Alba para recibila resposta. Ela díxolle:

-Eu quería facer un conto, pero coma tódalas palabras non saían

coma eu as escribía, cousa que non comprendo, e espero a súa resposta, e como non podía máis, ía rompe-lo papel, cando oín o seu chí e os das demais letras so rompín un cacho de papel:-

O A ó recibir tal resposta de Alba díolle:

-Querida rapaza hoxe as letras (incluída eu) queren facer folga xeral, e estamos a facer un debate para ver quen estaba de acordo, pero xa ves non sae ben; hai diferenza de opinións, e todas queren que se faga o que pensan, e penso eu que non leon as instrucións dos debates. Tódolos bandos teñen diferenza de opinións e son demasiados violentos e hanme de matar, ¿porque me elixían de moderador? ¿so porque son a primeira letra do abecedario e ademais a máis lista?-

Alba díxo:

-¿Porque queren facer facer folga as letras? -O A mirou para ela e díolle:

-¿Ti para que quere-lo conto?

-Para o concurso das letras galegas:-

A dílle- Iso é polo que queren facer a folga polo dichoso día, e preguntáste que mal ten ¿non?. Porque o día das letras galegas, según elas, debería ser para as letras galegas, pero non, é para o escritor. Logo ¿porque lle puxeron letras galegas?-

Alba non soupo responder á pregunta e ocorréuselle dicir:

-¿Pero idevos por quietas no papel para que eu poída fare-lo conto?-


-¡Ai, ai! Iso si que non o sei. ¿Porque non llelo preguntas ti?-

Así o fixo Alba. O principio non estaban de acordo, pero logo aceptaron se lles poñía como título "Historia de letras", Así o fixo.

1º PREMIO LETRAS GALEGAS -

Vamos - 6º

DE MEIGA A FADA



Aquela terrible noite de tormenta, a difunta avoa Maruxa colleunos no colo e subunos o pequeno banquiño amarelo que había un pouco máis aló da borralleira. Ela sentouse encima da forte artesa de madeira de carballo, e mentres emperaba a narrar, meu irmán Carlos miraba como se queimaban aquelas grosas hachas de piñeiro, e eu seguía atentamente a interesante historia da avoa. Lembro que emperara a contar así, con aquela voz fina e doce:

"Había unha vez unha pequena aldea do dugo interior que estaba metida entre dúas enormes montañas as cales formaban unha importante cordilleira que seguía moito máis aló da aldea. Nunha das montañas, a dúas millas da aldea había unha vella casa de madeira con pequeno balcón na parte de diante. Os candís

mantíñanse encendidos todo o día e toda a noite. Diante da porta había unha silla unha senlla colocada enteira, a xente dicía que a vella que vivía alí era meiga e que cada vez que quitaba dali a senlla, unha sequía arrasaba todo o val no que se encontraba a aldea. Pero os problemas chegaron cando uns pequenos tremores empezaron a darse pola zona do val, levaban xa tres días cando a vella se dou conta de que era unha maldición, e aínda que todos falaban mal dela vaioun a praza da aldea a avisalles de que era unha maldición e que se refuxasen na súa casa pois alí non lles pasaría nada. O primeiro corrían a pedradas pero o cabo dunha semana, vendo que as sacudidas eran máis fortes, tía Pepa a xesteira foi a casa da meiga. Día por día a xente ía tamén refuxarse, ata que, pasado un mes a vella baixou a aldea e viu como unha das montañas se desplomaba e entón levantando a senlla no aire pronunciou varias frases e izas! rompeuna contra a fonte. No momento en que os cachos de senlla caeron na arqueta as pedras retraçederon, os tremores cesaron e o sol volveu brillar. Vendo isto, a xente mudou de opinión e dende aquela a meiga das montañas pasou a ser unha fada respetada. Este é un dos moitos contos que nos contaba a avoa.

Tempestade

Tronos, Póstragos, centeifas, relâmpagos, reinaban na noite negra, oscura, fría, sen estrelas, sen lúa... sen tan sequera unha luz que ilumine o camiño.

As ondas de chumbo caían sobre a pequena embarcación daquel neno.

Unha tras outras, sen parar, sen vacilar, ata rompela.

El era o infortunio do temerario neno, valente e ousado como Hércules ou Perseo.

Construíra unha embarcación feita con madeiras que el mesmo reco-llera no monte. Fixéraso para divertirse, pero a diversión íalle costar cara.

O forte vento vento que se levantara de súpeto rachara coa vela que el tiña como único medio de locomoción.

Empapado, ía notando como as roupas lle pesaban máis, e máis...

As gigantescas ondas que caían cubríano, levantábano, izábano e incrustábano naquelas augas turbulentas, arrepiantes...

El sentía o sabor amargo nos seus beizos, húmidos, cermellos e costados.

Notaba que lle empezaban a flagrexar as forzas, debatía por saír dese inferno, pero era en van.

Os ollos empezaban a pecharselle, era o fin, todo parecía ter o seu remate no remuíño que se formara coa tempestade.

Ía en remisión cara o remuíño que o engulía, lentamente, facíase virar sobre el, máis e máis, mentres o círculo letáldico íase facendo pequeno, pequeno...

A morte era segura, nada o podía salvar, o remuíño tragáraso.

Derpenteu e ocorreu-lle a idea de baixar ó fondo e saír por outro lado, pero as forzas falláronlle.

1^{er} Premio - "Día das Letras Galegas". Bernardo - 8^o

¿A quen lle regalarías... ?

...un voitre

- A unha carroña para que a comese.
- A Felipe González para comer o que quede de nós se segue así.
- Ó mestre para que non fixera exames.
- Ós do lixo para que lles axude.

...un cocodrilo

- Para min, para escorrenta-los mestres.
- A Mario Conde para que o chupara, xa que bastante chupou el.
- Ós políticos para que se asusten e non poñan impostos.
- Para min, para facer "Cocodrilo Dundee 8".

...unha serpe venenosa

- Para os profesores, para que non nos den máis clases.
- A Felipe González para que viva envelenado.
- A Gayoso, por non me chamar.
- Para min, para levala á escola de bufanda.

...un corvo

- A un espantallo, para facerlle compañía.
- A Fraga, para que o fixera presidente da Xunta.
- Ós mestres que de tanto gritar queden sen voz.
- A algún mestre, para darlle "mal agüero".

...unha variña máxica

- Á miña moza para quererme máis.
- A Sara Montiel, para que se volva máis guapiña.
- Para min, para inotiza-los mestres e que non poñan exames.
- A Brancaneves, para que convirta a bruxa no que é.

...un ollo

- Para min, de reposto.
- A Xesús Vázquez para que se fixe en min.
- A un cego para que vexa.
- Ó meu can, para que vexa ós inimigos que lle ataquen por atrás.

... un corta céspede

- A un calvo para que lle tomen o pelo.
- A Felipe González para que corte a crise pola raíz, que xa está ben crecida.
- A un "HIPPIE" para que corte a peluca.
- Ó león para que se afeite.

... unha araña

- Para Xesús Vázquez e así asuste a Beatriz Rico.
- Para Xesús Puente, para facer de peluca.
- Ós profés, para asustalos e que se vaian das clases.
- A unha tea abandonada.


6^a B

RILISE DO HUMOR

For
Julian 



SEM PALABRAS



ADIVINHAS

"Voa sim ós, silba sim boca,
pega sim mans e non se lle toca."

• • • • •

"Alta vive, alta voa e fai niños
coma unha cazola."


ME DOLORES ROMAY
7º

"Os nenos e o bebé"

Un nenos e unha nena foron de paseo. No camiño encontraron un bebé. Non sabían andar, andaba a catro patas; non sabía falar e dicía: agugu, tatata. Os nenos preguntáronlle se quería ir con eles, e o bebé díxolles: agugu tatata.



Fátima, 7º





O sol

Sol, ¿onle estás?
Polo ceo me verás.
Sabí que fas?
Saio tócalas manís
Sol é que chás?
Cabor e nada máis
Sol é que res?
tudo o que ti non res
Sol é que tes?
O mundo baixo os pés.




José Manuel Domínguez Pousó
4º



Conto

Había unha vez un neno que tiña moito medo e unha vez, veulle un xitano e foi correndo polo monte, e no monte perdeuse. Despois viñéronlle os lobos e o neno tremaba co medo e botou a correr e cansouse e os lobos comérono. Despois a súa nai disgustouse.



José Manuel Pineros Romay. 3º Primaria.

PAREADOS

30

O señor David
foi a Madrid o

A señora Virginia
ven de Abisinia o

O señor Rubén
foize no tren o

O señor Ricardo
Tirou un petardo

O señor Pedro
deitase ado.

O señor Andrés
escribe cospés o

A señora Ana
come sen gana o

A señora Vanessa
comeu nata e fresa o

A señora María
lebe auga fría o

A señora Sandra
Non usa bufanda o

O señor Ramón
comeu un xamón o

A señora Araceli
ten rocas de sapeli o

A señora Fátima Pereira
Mercou un burro na feira o

O señor Luis
ten un pantalón gris

Lourdes Santos Oliveira
Naceu en Riveira o

A señora María José
dorme de pé o

NOTICIA DE ÚLTIMA HORA: NATURÉZA

Nenos e menas, darédevos conta deste cambio de clima repentino, pois diso i mos tratar. En primeiro lugar é pola desminución da capa de ozono. Preguntarédevos quen foi o que o fixo, pois ten unha resposta fácil: somos nós mesmos, que día a día facemos que o noso arredor só haxa lixo e nada máis. Non o mequedes, todos somos responsables do que pasa na natureza.




Podríamos facer unhas cousas que son polo noso ben e o do planeta:




- Cando fóramos de excursión, levar unha bolsa para o lixo e papeis.
- Cando comamos algo, tiralo ó lixo, non ó chan.
- ~~Aforrar~~ Aforrar auga e comida. Recordade que noutros países morren de fame e sede.
- En último lugar que haxa paz e que se acabe a guerra, porque con tanta guerra, bombas, etc estamos aniquilando o planeta pouco a pouco.

Recordade que todo o que pon aquí é polo noso ben, e tamén recordade recicla-los papeis e todo o que se poida reciclar.

↓ZE - ↓ZE

PO R JUAN CANAVE 70





A LENDA DA CIDADE VALVERDE


Éi moito, moito anos contan as lendas que na época dos moros existeu unha cidade moi fermosa chamada Valverde, e tamén din que era unha cidade con moita vexetación, pero un día houbo un forte temporal e tamén forte maremoto moi grande, tan grande foi que inundou a fermosa cidade. Unha parte da cidade quedou debaixo das Dunas de Oleira e a outra parte da cidade foi tragada pola terra onde agora hai as lagoas do Carregal. De toda a cidade din que só escapou un home a cabalo e chegando a Moldes mirou atrás e dixo « Non quero ver tal », e de aí saíu o nome da miña aldeia donde eu vivo, Bretal. Pasados moitos anos foi encontrada pola Xente de Oleira unha campá nas lagoas do Carregal, por eso as Dunas pertencen a Oleira.



Sandra


(30)

Primavera



A primavera
chea de flores,
¡Que bonita,
¡Que fermosa!
As flores,
as árbores,
os paxariños,
as bolboretas...

A primavera florecida
¡Que bonita é !



Francisco Abad Bretal

4º



MAPOULA

Mapoula, fermosa mapoula,
ti que naces nos prados verdes
de herba húmida polo rocío da mañá,
hoxe pídoche que o día das letras galegas
arrinques un dos teus pétalos vermellos coma o sangue
e llo deas a Galicia,
a nosa fermosa terra de xente traballadora e labrega,
que llo deas a Galicia.
Co teu vermello coma o sangue,
aledará a unha nai
que tanto chora polos seus fillos,
que se van e non voltan xamais.
Aledarala, aledarala,
porque así sabrá
que alguén se acordará dela nun día tan especial;
nese día ela chorará pola emoción
que lle causa tanta fermosura
no seu pequeno corazón de prata
que ninguén puido comprar,
e de ouro que ninguén soupo gañar.
Fermosa mapoula
que nos campos medros,
aleda a unha nai tristeira
polos seus fillos
que non han voltar xamais.

¿Que farías se ... ?

... viras unha vaca lendo o periódico

- Preguntarlle as noticias.
- Espallaría a noticia de que había unha vaca lectora.
- Sacarlle unha foto.
- Desmaiaríame.

... estás na cocíña da túa casa e oes o tren no cuarto de baño

- Montaría e viaxaría.
- Daríalle coa tixola na chimenea.
- Botarlle auga pola chimenea para apagarlle a caldeira.
- Iráo ver pero con coidado para que non me pillara o pé.

... no prato da leituga houbera un escáncer

- Gritaría e tiraría-me polo fiestra.
- Por non gritar comeríao. ¡ O que non mata engorda !.
- Preguntarlle como estaba.
- Tiraría-o pola ventá a ver se lle caía á veciña na perruca.

... na túa casa os ratos perseguiran ós gatos

- Diríalle ó rato: ¡ Ánimo !, ¡ a por el !.
- Riríame e castigaría ós ratos por perseguir ós gatos.
- Botaría fóra ó gato e así tamén se iría o rato.
- Compraría un cadelo e así sería un trío.

... se viras a un bolígrafo escribir só

- Facerme amigo del para que me fixera os deberes.
- Colleríao e feríalles rabia ós mestres.
- Rabiaría cos compañeiros.
- Botaría unha sonada.

... vexo un armario andando

- Usaría-o de coche.
- Cortarlle os pés.
- Pedirlle un autógrafo.
- Mandaríalle recolle-la roupa.

... no colexio houbera dinosaurios en vez de mestres

- Facerlles máis caso que ós mestres.
- Escaparía para a casa e non voltaría.
- Subiría enriba dun para xogar.
- Vestiríame de Tarzán.

Poesia

O gato sem passado

Nunha cidade sem passado,
habia un gato azulado.
Cando lle daba o saño,
viase verde e encarnado.

O gato que era parente,
tampouco tiña pasado,
O gato so tiña un amigo:
!Era o gato descarado!

- Nunca tiveren compañeiros -


Afirmaba o pobre gato,

- Cando cheguei ós

Amigos, esquiños e

piñeiros
ratos!


Oga - 5º



NA RÍA CHEIRABA

Un fermoso día
cando ía pola ría
atopei unha sandía
! Ai como ulía!

Máis que ulir cheiraba
! Tanto que me mareaba!
Podade a Sandía estaba.



Ana

3º

LENDAS

"Na lagoa de Carregal, que se olla ó pé do monte, está asolagada a cidade de Malverde (Valverde) onde había mouros que foron desbotados por Carlomagno e os doce Pares de Francia e máis Oliveros, e nunha pereda do monte hai unha pratada do cavalo de Roldán, dada cando este pediu, despois do sol posto, unha hora de día para derribar ós inimigos. E é desde entón, que, despois do sol posto, hai unha hora de luz".

"Por fronte do Río do Mar presentouse e disto pasaron xa moitos anos, un barco que preguntou pola cidade de Malverde, e como lle dixeran que tiña desaparecido había tempo, erguen velas e marchou".

(Relatada por Antonio González Bermúdez, de Santa Uxia de Ribeira e recollida por Cuevillas e Bouras Brey: Prehistoria e Folklore da Barbanza "Nós", nº 46. 15-X-1977, pax. 15).

O REGRESO DO MEU PAPÁ

NA miãa casa éramos felices ata que um dia meu papá marchou para Estados Unidos. Entón quedamos todos tristes esperando a que voltara pronto. Depois de un ano e tres meses voltou. Purémonos todos contentes.



ANDRES - 3º

Eu quixera ...

Quixera ser unha pomba,
e sobrevolar o mar,
vendo as ondas como chocan
e como volven hacia atrás.

Quixera ser un peixe,
e ver o fondo do mar,
encontrar un tesouro
e del poder gozar.


Quixera ser un delfín,
e poder brincar no mar,
facerme amiga dos peixes
e non saír xa máis.

Quixera ser un barco,
e poder atravesar o mar,
como eses piratas malos
que descubren illas ó par.

Eu quixera, eu quixera,
unha zorra ser,
gustalle a todo o mundo
e nunca xamais morrer.

Quixera ser princesa
e ter un castelo de perlas;
e o meu autocar,
con moitos cabalos de mar.

Pero o que máis quixera ser,
é o mar;
para sentirme orgullosa
do que teño que ocultar.



Maria García

7^o

NOTICIAS



Olveira gaña a Artes no partido de volta por "7" goles a "1".

OLVEIRA SORPRENDE NA LIGA DE FUTBITO DOR COLEXIOS PÚBLICOS

O Colexio Público de Olveira sorprendeu ó gañar por "7" goles a "1" o Colexio Público de Artes, pois todos se esperaban que o C.P. Artes sorprendería despois de cambia-lo equipo. O C.P. Olveira sorprendeu o C.P. Artes ó gañar por "7" goles a "1".

Os de Artes so tiraban dende o medio do campo e esa foi a xogada do gol do C.P. Artes.

PARTIDO DE IDA

ARTES

2

OLVEIRA

4

PARTIDO DE VOLTA

OLVEIRA

7

ARTES

1

GLOBAL

OLVEIRA

9

ARTES

5

1er. Adestrador Arbitro
P. Usardo P. Don Pedro

XUCES DE LIVA "JUANCHO" "CANTEIRO"

ALINACIÓN

XOGADORES:
1=JOSECHO, 3=J. ANGEL, 6=ROBUS "MOTA",
7=ROBERTO, 4=JOSEMI, 10 FRAN,
11=JOSE, 13 ROBERTOS.

GOLES 1º PARTIDO

ROBUS "MOTA" = 2 goles.
ROBERTO 4º = 1 gol.
JOSE 4º = 1 gol.

GOLES 2º PARTIDO

ROBUS "MOTA" = 3 goles
ROBERTO 4º = 2 goles
JOSECHO = 1 gol
J. ANGEL = 1 gol.

BUSCA NESTA SOPA DE LETRAS 5 NOMES RELACIONADOS CO FUTBOL

F	A	Z	V	A	Ñ	N	B	U
O	U	W	H	Z	G	L	Q	R
I	X	T	I	M	T	S	U	T
R	D	R	B	A	L	O	N	X
E	C	N	T	O	S	P	U	K
F	A	Z	L	U	L	I	Z	A
Ñ	H	C	M	O	Ñ	U	R	O
Q	P	O	L	N	G	Q	S	Q
S	O	N	P	R	O	E	Z	A

Robustiano, Roberto - 5º


CORREDOIRA

Corredaira, corredaira estreita
e mai mal feita.

Parece que non está nada dereita,
nin que a fixera unha meiga,
tarada e mai mal feita,
das que se venden na feira,
sen gorra e cunha capucheira,
negra, embuxada e mai mal feita.

José M^a Blanco Sanlés.

6 = A




A saia da lúa

Non sabedes da lúa, vos pensades que ela non existe, pero ten unha saia floreada que se ve desde a nosa casa.

Un día calquera funme pa cama e a medianoite a luz da lúa espertoume. Fun mirar pola ventá e alguén me chamaba, ¡era a lúa coa súa saia floreada! Naquela aldea andaban os ladrons e a noite seguinte un ladrón veulla e era tan fermosa que subiu a punta a lúa e preguntoulle: ¡Dadme esa saia tan floreada? - Non podo, e un regalo do meu novo, o sol, e os regalos non se volven a regalar. Pódesme decir entón, ¿dónde podo comprar unha así? Pois... non ves aquela tenda que se ve desde aquí, pois ahí creo que as hai iguais porque cando baixo eu e o sol dime: ¡aque son preciosas?, e tócame a miña. Bueno grazias, lúa. ¡Adios!

MONISE 5º



BARBARA 5º

35

35

A BOTELLA MISTERIOSA

"Domingo pola tarde, unha tarde nubosa co
mo nunca houbera, fun a pasear á praia. A
néboa embolúame, parecía ter mans. Unha rara
sensación invadíame da cabeza ós pés. Era unha
fría brisa invernal que me recorría o corpo.
A praia estaba deserta, non se divisaba nin
unha alma. Era mellor así, sentía un aire de li-
berdade que nunca sentira. Era feliz, púxenme a
saltar e a brincar. As ondas frias mollábanme
os pés e cando as ondas viñan fortes tamén
as rodillas. Pero a min gustábame, era algo ma-
ravilloso. De vez en cando miraba hacia atrás, xa
non se vía o pobo, a néboa ocultáras as súas
frías mans. Parei un intre e zenteime na area
mollada vendo como as ondas do mar viñan e
iban. Por un momento pensei como sería o mun-
do se non houbera mar. Descansei un bo rato,
tíña un pouco de frío e para entrar en ca-
lor fun correndo hasta o final da praia. Vol-
vían a chapotear na auga, pero esta vez un es-
calofrío recorreu-me o corpo. Agora non se vía na-
da, se algo de cor verde divisábase en alta
mar. Adentíame un pouco máis no mar. Agora
as ondas sobrepasábanme as rodillas. Iso non
me importaba, o que me intrigaba era o
contido da botella. Quizás só fose iso, unha
botella, pero podería ter un mensaxe. O fin,
a botella chegou ás miñas mans. Fun correndo

pola area mollada a xunta os xuncos.
Os xuncos que lle agradamos que nos den
un pouco de coviro fronte ó terrible aire
que bate nas nosas espaldas. Por un intre
quedei ollando a botella. Despois de moitos
intentos conseguín abri-la botella. O papel
estaba húmido pero aínda non cortara a fin
ta. Pero... ¿Que demon era iso?



maría Brión

~~Maria~~ 7^o

Receta :

XEADO DE VAINILLA

INGREDIENTES:

1 sobre de azucre avainillado.

3 ovos.

6 culleradas de azucre.



$\frac{1}{4}$ de kilo de nata sen montar.

2 culleradas pequenas de esencia de vainilla.

MODO DE FACER:

Sepáranse as xemas das claras. Bátense as xemas cunhas tres culleradas de azucre, o sobre avainillado e as dúas culleradas de esencia; logo añáidese a nata sen montar. Bátense as claras a punto de neve co resto do azucre. Vétese todo nun molde untado con mantequilla. Métese no conxelador 3 horas.

Maria García 



¿Es capaz de hacer un igual no cuadrado de abajo?

ANGELA, 7º

— CHISTE —

Um elefante está cheio de formigas.
 E móvese para sacudilas e caem todas
 menos unha que queda colgada no
 pescozo. E dinlle as oitras:

- ¡Afojaa, afojaa!

M^ª DOLORES MARTÍNEZ, 7º

REMEDIOS CASEIROS



~~Maria~~

Maria García
7º





Remedio para.... la caspa!

1 cucharada de ron, 1 cucharada de aceite de ricino. Con esto frotarse o cabello se te dñan seguidos, e ato que non desapa-
reza a caspa, non se lava.

HUMOR



Clamfolám : para una dentadura perfecta.




MÓNICA BRETAL LARANGA
7º CURSO

ENCrucILLADO

Só HORIZONTAIS:

1. Sinónimo de estropear.
2. Sinónimo de librarse.
3. Sinónimo de edificar.
4. O mesmo que salta - lo grego.
5. O contrario de arriba.
6. O mesmo que arrumbar.



REBECA, 7^o

CHISTE

Un señor que vai pola rúa cheo de abono e ve un amigo seu e dílle:

- Pepito, ¿como vas sen bañarte?

- Como dín que para ver canal plus hai que estar abonados.

Manola-6^oB

B	A	I	R	A	L	O	S	R
A	S	U	L	O	E	V	L	O
A	S	I	P	O	M	O	C	I
S	I	D	O	C	A	A	L	R
A	R	U	N	O	N	O	C	E
V	I	C	T	O	R	I	A	P
C	A	S	T	O	P	O	I	U
T	I	T	I	C	A	C	A	S
C	O	N	S	T	A	N	Z	A

Busca 6 nomes de lagos do mundo.

M^{te} DOLORES MARTÍNEZ
7^o CURSO

CHISTE

É di o médico:

- ¡Que pase o seguinte: - Pasa e...

- Doutor, o meu problema é que a min ninguén me escoita.

- ¡Que pase o seguinte dixer!

Manola 6^a B

PON AS VOCAIS QUE FALTAN

C _ M _ S _ T _

_ L _ F _ N T _

C _ M _ _ N _ _ R _


_ G _ _ T _ C _

M _ R C _ G _


Bernardo - 8^o

PROGANTEMPOR


¿A onde fostes?



¿Que estudias?




Laberinto:



María José
G.O.
7.3.78





IRIA 10

CADÉLA